

V Edición

**SEMINARIO PRÁCTICO**

Incremento da rendibilidade das explotacións leiteiras mediante mellora xenética

**27 Novembro 2020****ORGANIZA**

CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO (CIAM-AGACAL).

**SOLICITUDES**

A actividade é de balde e dá dereito a un certificado de asistencia. As solicitudes pódense descargar da páxina web [www.ciam.gal](http://www.ciam.gal) e deberase remitir por correo electrónico: [ciam.cmr@xunta.gal](mailto:ciam.cmr@xunta.gal). ou por fax (881 881 800)

20 prazos. Por rigorosa orde de inscrición. Admitiranse solicitudes ata as 15:00 horas do día 26 de novembro.

"Plan de transferencia tecnolóxica 2020 para o apoio ás actividades de demostración e información cofinanciada ao 75% con fondos FEADER"

**AGACAL**  
AXENCIA GALEGA  
DA CALIDADE ALIMENTARIA

**OBXECTIVOS**

1. Localización da información xenética de interese para unha explotación de produción de leite (catálogos, páxinas web, análises xenéticas e xenómicas, etc.) e a posterior selección da información de interese para cada explotación en función dos obxectivos produtivos.

2. Interpretar axeitadamente toda a información que proporcionan os catálogos de valoración de sementais e páxinas web, así como a información obtida da implementación recente das probas xenómicas, especialmente para garantir a adecuada reposición nunha explotación.

3. Aplicación práctica da información:

- buscar os apareamentos idóneos para conseguir a mellora dos caracteres de interese (leite, graxa, proteína, lonxevidade, corrección de problemas podais ...)
- seleccionar os animais idóneos para garantir a mellor reposición posible en cada gandería
- aparear estes animais destinados á obtención de reposición cos sementais adecuados
- promover o uso do material xenético galego como material de calidade contrastada
- promover o apareamento con sementais carneiros para a obtención de becerros de cruzamentos industriais.

4. Incrementar a rendibilidade dunha explotación co manexo adecuado das ferramentas que brinda a mellora xenética.

**DESTINATARIOS**

Agricultores e gandeiros que actualmente traballan nas explotacións gandeiras ou que potencialmente poidan chegar a traballar nelas

- Mozos/as agricultores/as
- Mulleres e homes agricultoras/es
- Persoas que se incorporen ao sector primario de calquera idade
- Persoal técnico e asesor de explotacións gandeiras.

**PROGRAMA**

- 10:00 - Presentación e proposta de obxectivos
- 10:15 - Introducción á mellora xenética: os valores xenéticos, os índices xenéticos e as bases de referencia
- 11 :00 - Conceptos críticos: fiabilidade das probas, herdabilidade dos caracteres e consanguinidade dos apareamentos
- 11 :45 - Pausa-café
- 12:15 - A selección de reprodutoras na gandería e dos sementais para a inseminación artificial.
- Obxectivos da selección
- 13:00 - Interpretación dos catálogos. Probas internacionais
- 14:00 - Xantar (por conta dos asistentes)
- 16:00 - Probas xenómicas fronte á selección convencional
- 17:00 - Os apareamentos. Programas informáticos de axuda
- 18:00 - Pausa-café
- 18:30 - Fontes de información
- 19:30 - Conclusións

**PROFESORADO**

- AFRICOR Lugo: Ramiro Fouz Dopacio (Director Xerente)
- XENÉTICA FONTAO: Alejandro Fernández Fernández (Xefe de Área de Selección e Mellora Xenética)
- CIAM: Manuel López Luaces (Director)